

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza non fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo público da Escola Infantil Municipal do concello de Arteixo

ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza non fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo público da Escola Infantil Municipal do concello de Arteixo

O Pleno do Concello de Arteixo, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2020 aprobou inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo público da Escola Infantil Municipal do concello de Arteixo

O expediente e o texto da modificación estiveron expostos ao público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do Concello, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e no Boletín Oficial da provincia n.º 121 do 3 de agosto de 2020, polo prazo de 30 días hábiles, do 6 de agosto de 2020 ao 14 de setembro de 2020 e do 1 ao 5 de outubro de 2020, sen que durante o devandito prazo se producira ningunha reclamación.

Rematado o prazo de información pública, sen que se producira ningunha reclamación, faise pública a automática aprobación definitiva do devandito expediente, así como o texto íntegro da Ordenanza, de acordo co disposto polo Pleno da Corporación, e en cumprimento do preceptuado nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ORDENANZA N.º 32 “PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE ARTEIXO”

ARTIGO 1.-CONCEPTO.

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ámbolos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así mesmo conforme ao Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, modificado polo Decreto 91/2014, do 17 de xullo polo que se modifica o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar e actualizado pola Resolución do 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais, este Concello establece o prezo público por prestación do servizo público Escola Infantil Municipal, especificando as tarifas no artigo 4 e seguintes, que se rexerán polo presente texto normativo.

ARTIGO 2.-OBRIGADOS O PAGAMENTO.

Están obrigadas ao prezo público regulamentado nesta ordenanza as persoas que se benefician dos servizos ou actividades prestadas ou realizados polo servizo de Escola Infantil Municipal.

ARTIGO 3.-BASE DE CÁLCULO.

3.1.-Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos determinados na presente ordenanza, teranse en conta as seguintes especificacións.

Para os efectos da súa aplicación, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

1. As fillas e os fillos menores, con excepción dos que, con consentimento das nais e/ou dos pais, vivan independentes destes.

2. As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
3. As fillas e os fillos maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 %.
4. As menores e os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en situación de acollemento familiar por tempo superior a un ano.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no momento de presentación da solicitude de praza.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercizo anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización a esta administración para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental, a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

3.2.–Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases imposables ás que se fai referencia obteranse como resultado de aplicar aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

ARTIGO 4. – TARIFAS.

4.1.–Contías dos servizos:

4.1.1.–ASISTENCIA E SERVIZOS.

Tarifa	Contías en función do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM)	Horario de mañá	Horario escolar continuado	Horario escolar partido	Horario de tarde	Comedor	Almorzo	Merenda
T1	Rendas inferiores ao 30% do IPREM	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
T2	Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	17,45 €	3,09 €	5,16 €
T3	Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM	34,91 €	32,91 €	26,91 €	22,91 €	17,45 €	3,09 €	5,16 €
T4	Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM	69,81 €	65,81 €	53,81 €	45,81 €	26,45 €	4,12 €	7,22 €
T5	Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM	112,13 €	106,13 €	86,13 €	72,13 €	37,02 €	6,19 €	10,32 €
T6	Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM	133,29 €	125,29 €	102,29 €	86,29 €	52,85 €	9,28 €	15,48 €
T7	Rendas comprendidas entre o 150% e o 200% do IPREM	147,05 €	138,05 €	113,05 €	95,05 €	63,47 €	11,35 €	18,57 €
T8	Rendas superiores ao 200% do IPREM	169,26 €	159,26 €	129,26 €	109,26 €	74,05 €	12,38 €	20,64 €

4.1.2.–HORARIO AMPLIADO.

Con carácter excepcional as familias usuarias do servizo poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias sempre que se acredite a súa necesidade.

A permanencia da alumna ou do alumno no centro non poderá superar as oito horas diarias dentro da xornada pola que opte, agás cando, por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas e acreditadas, teña que permanecer un

tempo superior ao máximo establecido. Neste suposto, o caso será estudado e, de ser o caso, autorizado pola Concellaría da área de Educación.

HORARIO AMPLIADO
21,16 € hora/mes

4.1.3.-Situacións especiais:

4.1.3.1.-Para as nenas e os nenos que non empreguen habitualmente o servizo de xantar e que desexen utilizalo algún día con carácter solto o prezo será de 4,23 €/día.

4.1.3.2.-Para as nenas e os nenos que non empreguen habitualmente o servizo de almorzo e que desexen utilizalo algún día con carácter solto o prezo será de 1,02 €/día.

4.1.3.3.-Para as nenas e os nenos que non empreguen habitualmente o servizo de merenda e que desexen utilizalo algún día con carácter solto o prezo será de 1,54 €/día.

4.1.3.4.-Para as nenas e nenos que non empreguen habitualmente o servizo de horas ampliadas e desexen utilizalo algún día con carácter solto o prezo será de 4,23 €/día.

4.1.3.5.-Para as nenas e os nenos que, con carácter extraordinario, soliciten máis horas diarias de asistencia ao centro que as contempladas no horario do que é usuaria/usuario, a tarifa mensual que lle corresponde abonar incrementárase atendendo ao número de horas que permaneza no centro.

ARTIGO 5.-REDUCIÓN.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar ou de convivencia, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto na táboa do apartado 4.1.1, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre sí:

	% DESCONTOS
Nenas e nenos pertencentes a familias numerosas	20%
Nenas e nenos pertencentes a familias monoparentais	20%
Asistencia ao centro de varios irmáns	20% (o segundo e sucesivo) para os servizos distintos da atención educativa

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3 ou da súa renovación, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Aplicarase a gratuidade da atención educativa na Escola Infantil Municipal para segundos/as fillos/as e sucesivos/as.

A este efecto, computarán unicamente os/as fillos/as que formen parte da unidade familiar e quede acreditada a súa convivencia e garda e custodia coa/s persoa/s proxenitor/a/s do menor beneficiario da gratuidade.

C) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.) o menor ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar por dito mes terá un desconto do 50%.

ARTIGO 6.-OBRIGA DO PAGAMENTO.

A obriga do pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza nace desde o momento en que se preste o servizo.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

ARTIGO 7.-REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DE TARIFAS.

Ao longo do curso poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, cando concurran e se xustifiquen variacións socioeconómicas na unidade familiar referidas aos seguintes casos:

a) Modificación das circunstancias que determinan os descontos recollidos na normativa vixente en materia de prezos públicos.

b) Diminución ou incremento dos ingresos en máis dun 20% no cómputo anual respecto dos declarados na solicitude/renovación de praza ou, no seu caso, nunha variación posterior. Estas variacións deberán ter unha duración mínima de seis meses para ser tomadas en consideración e xustificaranse por medio da declaración do IRPF, dun certificado emitido pola AEAT ou por calquera outra documentación que, a xuízo da Comisión de Baremación, xustifique e permita un novo cálculo da renda per cápita da unidade familiar.

c) Variación no número de membros da unidade familiar.

O beneficiario queda obrigado a comunicar calquera variación que se produza na situación socioeconómica e familiar que dera lugar á concesión de praza e aplicación de tarifa.

A modificación da tarifa, se é o caso, será resolta pola Comisión de Baremación da Escola Infantil Municipal que dará traslado da mesma ao alcalde ou órgano no que delegue para a súa resolución e posterior dación de conta na vindeira Xunta de Goberno Local que se celebre.

A Comisión de Baremación poderá iniciar de oficio, a actualización dos datos económicos que constan no expediente de cada nena ou neno, podendo verse modificada a súa tarifa. No caso de facelo, deberá dar traslado do acordo ao alcalde ou órgano no que delegue para a súa resolución e posterior dación de conta na vindeira Xunta de Goberno Local que se celebre.

Os prezos públicos establecidos na presente ordenanza poderanse actualizar cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior. Corresponderá á Alcaldía-Presidencia a fixación das novas tarifas por aplicación do IPC descrito, que se darán a coñecer mediante anuncios no BOP e taboleiro de edictos do Concello e da Escola Infantil Municipal.

ARTIGO 8.-SUSPENSIÓN TEMPORAL DA COTA.

Non se terá obriga de abonar a cota nos seguintes períodos:

- Mes de vacacións da nena ou do neno.
- Cando, por calquera motivo distinto ó período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado por un período superior a 15 días naturais.
- Cando, por causa debidamente xustificada, a nena ou o neno deixe de asistir temporalmente ó centro. Neste caso, o suxeito obrigado ó pago estará exento de abonar a cota desde o primeiro día do mes natural seguinte ó da data de ausencia ó centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural no que se produza a reincorporación da nena ou do neno. Se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente reducirase nun 50% nesa mensuralidade.

ARTIGO 9.-NORMAS DE XESTIÓN.

As solicitudes para acceder ao servizo de Escola Infantil Municipal formalizaranse por escrito a través de instancias dirixidas á Alcaldía-Presidencia da corporación municipal entregadas no Rexistro Xeral do Concello, a través da sede electrónica ou en calquera dos lugares ou rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo, xuntando a documentación sinalada na Ordenanza Reguladora da Escola Infantil Municipal.

Recibida a instancia xunto coa documentación, procederase polos técnicos responsables á comprobación dos datos presentados, avaliando as solicitudes (segundo o anexo I da Ordenanza Reguladora da Escola Infantil Municipal) e elaborando un informe posterior que será sometido a dictame da Comisión de Baremación da Escola Infantil Municipal de Arteixo. Do seu contido darase traslado ao alcalde ou órgano no que delegue para a súa resolución e posterior dación de conta na vindeira Xunta de Goberno Local que celebre.

En caso de urxencia motivada, e sempre que exista dispoñibilidade de praza, será o alcalde ou órgano en quen delegue, quen decida a concesión ou denegación dos servizos, dando conta na seguinte Xunta de Goberno Local que reúna.

O pagamento dos prezos das mensualidades farase por adiantado nos primeiros dez días de cada mes, segundo padrón elaborado ao efecto, que incluírá, ademais do importe da asistencia mensual, o resto dos servizos que reciben as usuarias e os usuarios.

A efectos da xestión do pagamento dos prezos das mensualidades, calquera modificación na asistencia ou servizos debe ser solicitada ao Concello de Arteixo, presentando unha instancia xeral a través de calquera dos medios habilitados ao efecto, durante a primeira quincena do mes anterior a recibir o servizo ou asistencia.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente texto normativo regulador do prezo público pola prestación do servizo da Escola Infantil Municipal, foi aprobado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día vinte de xuño de 1997.

Foi modificado posteriormente polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 1 de outubro de 2001, 30 de outubro de 2003, 26 de marzo de 2009, 27 de setembro de 2012, 4 de abril de 2013 e 26 de maio de 2016.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2020. Entrará en vigor unha vez publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo de 15 días previsto no

artigo 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas, e aplicarase no curso académico 2020-2021.

O que se publica para coñecemento xeral, tendo transcorrido xa o prazo previsto nos artigos 65.2 en relación co 56.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Contra a citada aprobación, que é definitiva en vía administrativa, pode interperse recurso contencioso-administrativo diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados dende o seguinte á presente publicación, segundo o disposto no art. 10.1.b) da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Arteixo, a 9 de outubro de 2020.

A concelleira de Servizos Económicos

Patricia Amado Varela

2020/7159